



Expediente número: 876/2024

Asunto: CONTRATO DE OBRAS.- IMPLANTACION DE 184 LUMINARIAS EN VARIOS PUNTOS DEL MUNICIPIO DE BECERREÁ

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Introducción

De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en diante LCSP, as entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

2. Descrición da situación actual

As **necesidades que pretenden cubrirse** mediante o contrato de Obras que ten por obxecto As actuacións incluídas na documentación técnica que leva por título MEMORIA VALORADA DA MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA., así como a idoneidade de dito obxecto e contido para satisfacelo derivan das seguintes consideracións:

O artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local establece que os municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes: a) En todos os municipios: acceso aos núcleos de poboación

O deber de mantemento e conservación das pistas municipais e das condicións de seguridade vial na circulación corresponde ao Concello. A roza ten por finalidade evitar o efecto prexudicial que a vexetación ocasiona nas vías asfaltadas de titularidade municipal non só na durabilidade do mesmo firme senon pola dificultade que ocasiona a consecuente redución da visibilidade.

Como **informe de insuficiencia de medios** baste dicir que o Concello de Becerreá presenta unha insuficiencia de recursos humanos propios e especializados para facer fronte a dita necesidade.

3. Obxecto do contrato

As actuacións incluídas na documentación técnica que leva por título MEMORIA VALORADA DA MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA.

4. Análise Técnica

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos dacordo co artigo 17 da LCSP.

5. Análise Económica.

Para os efectos previstos no artigo 101.1 LCSP 2017, o valor estimado do contrato para os dous anos de duración ascende á cantidade de 33.051,06 € (IVE non incluído), segundo a estimación que se detalla no prego de prescricións técnicas.

O orzamento base de licitación consignado para os dous anos de duración ascende a 33051,06 € + 6940,72 € IMPTO. (21%) = 39991,78 €. Foi elaborado de conformidade co disposto no artigo 100 LCSP 2017, incluíndo o seu cálculo os tributos de calquera índole.





CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

O prezo do contrato ascende a 39.991,78 € polos dous anos de vixencia do contrato. Este importe representa o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE.

As obrigación económicas do contrato abonaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, no seu caso: 165.623

O contrato abonarase con cargo á aplicación arriba indicada do orzamento municipal, na que existe crédito suficiente que se retén.

Para o resto dos exercicios, incluídas as posibles prórrogas, quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

6. Análise do Procedemento.

a. Xustificación do procedemento: Procedemento aberto simplificado sumario toda vez que se dan os presupostos previstos no artigo 159.6 da LCSP.

Neste procedemento todo empresario interesado inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Contratistas do Estado (ou da Xunta de Galicia) poderá presentar unha proposición quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Tipo de tramitación ordinaria.

b. Cualificación do contrato: obras.

c. Análise de execución por lotes: Non procede a división en lotes do presente contrato dado que se trata dun obxecto único e intergral á vista de que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo.

d. Duración: 2 meses. Non obstante, tratándose dunha obra cofinanciada co Fondo de Compensación Ambiental, os traballos deberán quedar rematado antes do 25 de outubro de 2024.

e. Criterios de adjudicación: Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a un único criterio de adjudicación que será o prezo.

Tipo de criterio	Cuantificables Automaticamente
Subtipo de criterio	Precio
Nome do criterio	Prezo
Ponderación	100%
Mínimo	0
Máximo	100
Expresión	Valorarase conforme á fórmula contida no prego cláusulas administrativas particulares

7. Conclusións

Tipo de contrato: Obras

Obxecto do contrato: As actuacións incluídas na documentación técnica que leva por título MEMORIA VALORADA DA MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA.

Procedemento de contratación: Aberto simplificado Tipo de tramitación:





CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Ordinaria

Valor estimado do contrato: 33.051,06 €

Orzamento base de licitación IVE excluído: 33.051,06 IVE: 21%
€

Duración da execución: 2 meses. Non obstante, tratándose dunha obra cofinanciada co Fondo de Compensación Ambiental, os traballos deberán quedar rematado antes do 25 de outubro de 2024.

Publíquese a presente memoria no perfil do contratante en aplicación do previsto no artigo 63,3 da LCSP.

En Becerreá.

O Alcalde

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE NA DATA CONSIGNADA AO MARXE.

